

Artes escénicas

Artes visuais

Cine

Conferencias

Formación

Encuentro

**Artes por la
pola Integración**

Santiago de Compostela, xuño 2015

Encuentro

Artes por la Integración

A cultura en xeral é un ámbito privilexiado para favorecer o progreso social. Desde esta perspectiva, a arte e a cultura deben ser entendidas como factores vitais na construción e fortalecemento tanto dos lazos sociais e da comunidade como da identidade individual e persoal. De ningún xeito é unha actividade superflua, unha decoración, un pasatempo ou un luxo. É un artigo de primeira necesidade para toda a cidadanía e unha ferramenta para que os grupos máis desfavorecidos atopen formas de representación e visibilización da súa realidade. É por iso que é hoxe unha necesidade pór ao alcance de toda a cidadanía as prácticas, competencias e valores que conforman o capital cultural para enriquecernos colectiva e individualmente.

Concibida como unha iniciativa transformadora, o proxecto Artes pola Integración é un exercicio de responsabilidade co fin de facilitarlle a diversos grupos subalternos da sociedade unha serie de facetas, plataformas, iniciativas e ferramentas coas que comunicar(se) e á vez pór en mans da sociedade unha serie de representacións visuais, literarias e escénicas coas que poder entender a realidade deses grupos socialmente excluídos por diversas razóns legais, sociais e/ou médicas.

É así que o proxecto Artes pola Integración preséntase como unha cita multifacética e integral (conferencias, exposicións, artes escénicas, cine, experiencias formativas e publicacións...) desde a que establecer unha serie de diálogos e complicidades con algunhas organizacións, institucións e persoas co fin de promover un maior coñecemento da realidade de colectivos recluídos en centros de internamento para menores, hospitais psiquiátricos, prisións etc.

A través da multiplicidade de actividades que este proxecto acolle pretendemos tender vías de inclusión, de visibilidade, de auto-representación e, en suma, de sensibilización a favor da heteroxeneidade, a excepcionalidade e a diferenza. A inclusión social ten acepcións múltiples, pero sen dúbida todas elas pasan polas dinámicas que vinculan o desenvolvemento de capacidades co acceso a oportunidades ao longo do ciclo vital, e con iso, o acceso ao benestar, a redes de relacións, á comunicación, á presenza no espazo público, á auto-representación da súa realidade e ao exercicio da cidadanía en todas as súas acepcións e posibilidades.

O proxecto Artes pola Integración ten como obxectivo xeral romper as brechas sociais e substituílas por vías de acceso bidireccionais entre artistas e reclusos/as, entre a sociedade e as persoas excluídas, e entre estas e a sociedade, para fomentar o coñecemento, o recoñecemento e, en definitiva, a integración e a inclusión social.

As diferentes facetas deste proxecto integrador e transformador teñen tamén por obxectivo utilizar a arte visual, a literatura, a danza, o teatro e as técnicas dramáticas como ferramentas eficaces para a comprensión da realidade de persoas con outras capacidades, presas, enfermas mentais, terminais etc. e a procura de alternativas a problemas sociais e interpersoais derivados da exclusión.

Ciclo de conferencias

Programación de artes escénicas

Exposicións de artes plásticas e visuais

Actividades formativas

Ciclos de conferencias

O programa de conferencias e mesas redondas centrarase en tres puntos crave:
Artes e interculturalidade, infancia e integración, arte en terceira idade.

Sábado 27 de xuño

Cidade da Cultura. Santiago de Compostela.

10-10.30 h

Alejandra Aguirre (Cuba)

LINGUAXE AUDIOVISUAL PARA NENOS E NENAS. Iniciación ao traballo documental.

10:30-11 h

Laura Llauder (Caldelas de Tui. Pontevedra)

Profesora de O Pelouro e creadora do grupo de danza integrada para nenos e nenas Eudanza

EDUCAR DESDE O CORPO. A danza como medio de expresión das emocións esenciais

11-11.30 h

Yessmin Lebeilli (Argentina)

Presidenta Unesco Danza

UNESCO E AS ARTES DO MOVEMENTO

12 h

Carlota Pérez, Charo Lopez Amor e Olalla R. Franco

A PEQUENA BAUHAUS. Un sonho feito realidade. Artes e creatividade na infancia.

13 h

Yosy Hatillo (Santo Domingo)

PROXECTO MIGRANTES. Un documento feito realidade

Programa de artes escénicas

Venres 26 de xuño 20 h

Salón Teatro. Entrada libre / 1 hora 30 minutos

MOSTRA DAS RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DE FUSIÓN E EXPLORACIÓN EN DANZAS DO MUNDO

Grupo de teatro de ONCE dirixido por Lino Braxe

Sábado 27 de xuño 18 h

Cidade da Cultura. Entrada libre

ENCANTO DE ARTE E DIVERSIDADE

Sábado 27 de xuño 18 h

Cidade da Cultura

O MUNDO NAS TÚAS MANS

Sábado 27 de xuño 19 h

Cidade da Cultura. Entrada libre

O TERCEIRO SORRISO

Exposicións de artes visuais

CONSTRUÍNDO SOÑOS. Zona vella de Santiago de Compostela.

Begoña Bah, Vari Caramés e Rubén Vilanova
Dous pases diarios de 10 minutos durante o festival.

CONTRAPRÁCTICAS CULTURAIS

Mostra na rúas de Santiago de Compostela.

Actividades formativas

OBRAIDOIRO DE DANZA

Escola de danza Can Cun Quin Que (Santiago de Compostela).

Do 22 ao 26 de xuño 18 h a 20 h

OBRAIDOIRO DE FLAMENCO

José Galán

15 ao 19 de xuño de 20 a 22 h

OBRAIDOIRO DE DANZA INTEGRADA

Leodan Rodríguez e Carlota Pérez

Programa de artes escénicas

INTEGRACIÓN NAS ARTES E

INTERCULTURALIDADE

Arte e integración social

Barbara Monteagudo e Carlota Pérez

Xoves 25 de xuño 20 h

Fachada de San Martín Pinarío

Arteandanzas / Compañía 55

25 de xuño 20 h

Fachada de San Martín Pinarío

Aurar / O Incidente D-T. Leodan RC e Artur Lago,

Encuentro

Artes por la
pol@ Integración

Santiago de Compostela, xuño 2015

Patrocinan e colaboran



centro
dramático
galego



SALONTEATRO

AGADIC



Asociación Galega dos
Intelectuais Culturais



fundación cidade
da cultura de galicia



XUNTA
DE GALICIA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



experimentacultura